



Adelino Oliveira Lourenzo proclámase Campión Provincial de Pontevedra de Caza Menor con Can

O pasado 10 de novembro de 2007 no Tecor da Sociedade de Cazadores de Forcarei tiña lugar o XXI Campionato Provincial de Pontevedra de Caza Menor con Can, organizada pola FGC en colaboración coa Sociedade de Cazadores de Forcarei.

Participaban un total de 41 cazadores, entre os cales destacaba Adelino Oliveira Lourenzo quen cunha arcea e unha torcaz acadaba 650 puntos e proclámase vencedor da proba e Campión Provincial. No segundo posto, cunha arcea cazada e 500 puntos remataba Gustavo Martínez Pérez. En terceiro lugar quedaba Alfonso Alvarez Campos, quen cazaba tamén unha arcea.

CLASIFICACION FINAL			
Pos.	Cazador	Pezas Cazadas	Puntos
1º	Adelino Oliveira Lorenzo	1 Arcea + 1 Torcaz	650
2º	Gustavo Martínez Pérez	1 Arcea	500
3º	Alfonso Alvarez Campos	1 Arcea	500
4º	Manuel Boullós Amoedo	1 Coello	350
5º	Carlos Vicente Melo	1 Coello	350
6º	Cristóbal Cacheda Chouza	1 Lebre	350

Gabinete de Comunicación
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com